

# **BORRADOR DA ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 26 DE FEBREIRO DE 2015.**

## **ASISTENTES:**

### PresidentA:

D<sup>a</sup>. Ana Ledo Fernandez

### Concelleiros:

D. Jose Angel Rey Seoane

D<sup>a</sup>. Isabel Sesar Otero

D<sup>a</sup>. Silvia Mosteiro Monterroso

### Secretaria-Interventora:

D<sup>a</sup> Rebeca Vázquez Vázquez

Na Casa Consistorial do Concello de Boimorto sendo as 21:30 horas do día vinte e seis de febreiro de 2015, xuntase en sesión ordinaria, primeira convocatoria, previamente convocados para o efecto, os membros da Xunta de goberno local relacionados na marxe, baixo a presidencia da alcaldesa, D<sup>a</sup> Ana Ledo Fernandez

Foron asistidos pola Secretaria-Interventora Dona Rebeca Vazquez Vazquez

Aberta a sesión pola Sra. Alcaldesa, pasanse a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

## **1.- APROBACIÓN ACTA/S SESIÓN/S ANTERIORES**

Coñecidas polos/as asistentes, a través de fotocopias repartidas coa convocatoria, a acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o día 29/01/2015, de conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1989, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pregunta o Sra. Alcaldesa se algún membro da corporación quere formular algunha observación á mesma. Non se formulan observacións, polo que a Xunta de Goberno Local por unanimidade

### **ACORDOU:**

**ÚNICO.-** Aprobar a acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o día 29/01/2015.

## **2.- ESCRITOS CHEGADOS AO CONCELLO**

### **2.1.- ESCRITOS OFICIAIS**

#### **2.1.1.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE APROBACIÓN DE PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN OUTORGADA PARA O PROXECTO TERMALISMO SOCIAL 2014**

Pola secretaria dáese conta do escrito descargado telematicamente a través da plataforma Subtel da Deputación Provincial da Coruña, rexistro de entrada neste concello co número 343 en data

20 de febreiro de 2015, no que se notifica a resolución de aprobación da documentación xustificativa presentada para os efectos de cobro de subvención concedida ao abeiro da convocatoria publicada no BOP do 14 de novembro de 2013, correspondente ao exercicio 2014 para o proxecto termalismo social e o aboamento do 50% restante da subvención (o primeiro pago do 50% foi efectuado en data 21/07/2014) por importe de 1.500,00 Euros. Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

#### **2.1.2.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE APROBACIÓN DE PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN OUTORGADA PARA O INVESTIMENTO PROMOCIÓN ECONÓMICA 2014: MELLORA DE SALA DE ACTIVIDADES DO CENTRO DE DÍA E MINIRESIDENCIA**

Pola secretaria dáese conta do escrito descargado telematicamente a través da plataforma Subtel da Deputación Provincial da Coruña, rexistro de entrada neste concello co número 344 en data 20 de febreiro de 2015, no que se notifica a resolución de aprobación da documentación xustificativa presentada para os efectos de cobro de subvención concedida ao abeiro da convocatoria publicada no BOP do 14 de novembro de 2013, correspondente ao exercicio 2014 para investimento Mellora de sala de actividades do centro de día e miniresidencia e o aboamento do 100% da subvención por importe de 4.993,60 Euros. Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

#### **2.1.3.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE APROBACIÓN DE PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN OUTORGADA NO PROGRAMA DE FINANCIAMENTO DE CUADRILLAS DE OBRAS E SERVIZOS MINIMOS MUNICIPAIS NO EXERCICIO 2014**

Pola secretaria dáese conta do escrito descargado telematicamente a través da plataforma Subtel da Deputación Provincial da Coruña, rexistro de entrada neste concello co número 371 en data 23 de febreiro de 2015, no que se notifica a resolución de aprobación da documentación xustificativa presentada para os efectos de cobro de subvención concedida ao abeiro da convocatoria publicada no BOP do 10 de xuño de 2014, correspondente ao exercicio 2014 para o persoal cuadrilla de obras e servizos mínimos municipais e o aboamento do 50% restante da subvención (o primeiro pago do 50% foi efectuado en data 03/09/2014) por importe de 3.993,14 Euros.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

#### **2.1.4.- ESCRITO DA XERENCIA REXIONAL DO CATASTRO DE GALICIA POÑENDO EN COÑECEMENTO AS CARACTERÍSTICAS DO PROCEDIMENTO DE REGULARIZACIÓN CATASTRAL 2013-2016**

Pola secretaria dáese conta do escrito enviado polo Xerente rexional do Catastro de Galicia - Coruña, rexistro de entrada neste concello co número 333 en data 19 de febreiro de 2015, no que pon en coñecemento da Alcaldía as características do procedemento de regularización catastral 2013-2016. Ten por obxecto incorporar ao Catastro aqueles bens que non están inscritos, ou que o están de forma incorrecta ou incompleta, a causa dun incumprimento da obriga que teñen os propietarios de declarar ante o Catastro as alteracións nos seus inmobles (novas construcións, ampliacións, reformas...). Deste modo, preténdese conseguir que a tributación destes bens no IBI sexa a que lles corresponde de acordo coa súa realidade inmobiliaria, en cumprimento dos principios de xeneralidade e xustiza tributaria.

A regularización catastral non implica unha nova revisión de valores catastrais e non se esixe participación algunha por parte do Concello nos custos, ni nas actuacións vinculadas; o procedemento só implica un prezo para o cidadán ao que se presta o servizo en forma de pago

ao Estado da taxa de regularización catastral (cuyo importe é de 60 euros por inmovible regularizado).

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as e acordan por unanimidade solicitar esta regularización informando previamente aos veciños.

## **2.2.- ESCRITOS PARTICULARES**

### **2.2.1.- ESCRITO DE D. ANTONIO GARCÍA SOLICITANDO A INSTALACIÓN DUN PUNTO DE LUZ**

Pola secretaria dáse lectura ao escrito presentado por D. Antonio García Lodeiro, DNI nº 76517927D, con domicilio a efectos de notificación en Lg. Zaín nº 24, Rodieiros, 15816 Boimorto, rexistrado de entrada co número 374 o día 24/02/2015 no que expón que carece de alumeado público unha alpendre que está destinado a gardar maquinaria agrícola e que últimamente está sufrindo roubos, SOLICITA:

<<A instalación dun punto de luz xunto alpendre ubicado ao carón da vivenda unifamiliar sito en Zaín (Rodieiros)>>

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade **ACORDOU:**

**ÚNICO.-** Desestimar esta solicitude motivando a denegación en que o alumeado público é un servizo público municipal mínimo obrigatorio a prestar en beneficio non dun veciño senón da colectividade. Os veciños teñen dereito a este servizo pero para que redunde non en exclusivo beneficio senón no da colectividade. O alumeado público debe afectar a espazos públicos non a fincas e propiedade privadas.

## **3.- LICENZAS, PERMISOS AUTORIZACIÓNS**

### **3.1.- LICENZAS PERMISOS**

#### **3.2.- AUTORIZACIÓNS**

##### **3.2.1.- AUTORIZACIÓN USO DO CENTRO SOCIAL MUNICIPAL DE MAIORES DE BOIMORTO PARA REALIZACIÓN DUN CAMPEONATO DE TUTE.**

Visto o escrito de D. Luís Vereá Vázquez, DNI 44826264T, con domicilio a efectos de notificación en R/ Campo do Rosario número 6 de Boimorto, presentado en calidade de socio do Club de Fútbol de Boimorto, con rexisto de entrada no Concello co número 200 en data 29 de xaneiro de 2015, no que solicita que se lle conceda autorización para uso do centro social municipal de maiores de Boimorto para a celebración dun campeonato de tute o día 7 de marzo de 2015.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Autorizar ao Club de Fútbol de Boimorto a utilización do centro social municipal de maiores de Boimorto o día 7 de marzo de 2015 para a celebración da citada actividade.

**SEGUNDO.-** O solicitante queda responsabilizado da utilización das mesas e cadeiras que deberán ser conservadas no estado en que se atopan e entregan para o seu uso.

**TERCEIRO.-** O autorizado, ó rematar a actividade, deberá deixar as instalacións municipais nas mesmas condicións de limpeza que no momento do inicio da mesma.

**CUARTO.-** Notificar o presente acordo ao interesado, con expresión dos recursos que pode interpoñer contra o mesmo, así como o lugar e o prazo para interpoñelos.

## **4.- URBANISMO OBRAS SERVIZOS**

#### **4.1.- URBANISMO**

Advirte a secretaria interventora sobre a non constancia nos expedientes de comunicación previa sobre a legalidade dos inmobles (construcións) sobre as que realizar obras solicitadas, por ter licenza ou ben darse o caso de declaración de fora de ordenación pasados os prazos fixados legalmente para a incoación e resolución de expediente de reposición da legalidade urbanística vulnerada, o que leva a advertir que non poderían autorizarse obras novas sobre construcións ilegais que previamente deberían ser obxecto de expediente de reposición da legalidade urbanística sen prexuízo do inicio e resolución no seu caso de expediente sancionador urbanístico.

#### **4.1.1.- COMUNICACIÓN PREVIA DE EXECUCIÓN DE OBRA MENOR CP-004**

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada en data 5 de febreiro de 2015 (RE núm. 260) coas seguintes características:

##### Datos do solicitante

Nome e apelidos:	Manuel Vereá Vázquez
DNI:	32755768L
Domicilio:	Rúa Vilanova núm. 3 - 15817 Boimorto

##### Datos da obra:

Obxecto:	Cubrición con tella cerámica dunha pérgola de 20 m2.
Situación:	Rúa Vilanova - Boimorto
Referencia catastral:	1221801NH7612S0001XF
Orzamento de execución:	700,00 Euros
Calificación urbanística:	Solo urbano ordenanza de edificación extensiva
Autorización sectoriais:	Resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 29/01/15 autorizando as obras (exp. nº 2014/939 CN)
Compatibilidade urbanística:	Sí (Informe do técnico municipal, D. Ángel Delgado Cid, de data 10 de febreiro de 2015

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG) e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e de competitividade económica de Galicia (LECG), a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Declarar completa a documentación presentada por medio de comunicación previa os datos anteriormente consignados, de conformidade co artigo 194.5 da LOUG e ao establecido na Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa, aprobada en sesión plenaria celebrada o 24 de abril de 2014, publicada no BOP nº 144 de 31/07/2014, co que pode realizar a obra, nos termos comunicados.

**SEGUNDO.-** Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso de solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

**TERCEIRO.-** Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.-

Presuposto de execución material da obra: 700,00 Euros

Liquidación 2%: **14,00 Euros**

**CUARTO.-** Notificar o presente acordo a D. Manuel Vereá Vázquez o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

#### **4.1.2.- COMUNICACIÓN PREVIA DE EXECUCIÓN DE OBRA MENOR CP-004**

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada en data 5 de febreiro de 2015 (RE núm. 261) coas seguintes características:

##### Datos do solicitante

Nome e apelidos:	Lúis Regueiro Andrade
DNI:	76474457D
Domicilio:	Rúa Sobreira núm. 2 - 15817 Boimorto

##### Datos da obra:

Obxecto:	Pintado das catro fachadas da vivenda.
Situación:	Rúa Sobreira - Boimorto
Referencia catastral:	1320902NH7612S0001XF
Orzamento de execución:	2100,00 Euros
Calificación urbanística:	Solo urbano ordenanza de edificación extensiva
Autorización sectoriais:	Resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 29/01/15 autorizando as obras (exp. nº 2014/884 CN)
Compatibilidade urbanística:	Sí (Informe do técnico municipal, D. Ángel Delgado Cid, de data 10 de febreiro de 2015)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG) e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e de competitividade económica de Galicia (LECG), a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Declarar completa a documentación presentada por medio de comunicación previa os datos anteriormente consignados, de conformidade co artigo 194.5 da LOUG e ao establecido na Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa, aprobada en sesión plenaria celebrada o 24 de abril de 2014, publicada no BOP nº 144 de 31/07/2014, co que pode realizar a obra, nos termos comunicados.

**SEGUNDO.-** Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso de solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

**TERCEIRO.-** Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.-

Presuposto de execución material da obra: 2.100,00 Euros

Liquidación 2%: **42,00 Euros**

**CUARTO.-** Notificar o presente acordo a D. Lúis Regueiro Andrade o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

#### **4.1.3.- COMUNICACIÓN PREVIA DE EXECUCIÓN DE OBRA MENOR CP-004**

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada en data 5 de febreiro de 2015 (RE núm. 252) coas seguintes características:

Datos do solicitante

Nome e apelidos:	Vicente García García
DNI:	33132930G
Domicilio:	Rúa Gándara núm. 32 - 15817 Boimorto

Datos da obra:

Obxecto:	Substitución do tellado dunha edificación de carácter residencial, de baixo e dúas plantas, a base de tella, por outra igualmente de tella (240,5 m <sup>2</sup> ), así como a impermeabilización das limas da cheminea (3 ud), así como a instalación de malla antiniño (25 ml)
Situación:	Rúa Gándara - Boimorto
Referencia catastral:	0615715NH7601S0004FL
Orzamento de execución:	8.456,50 Euros
Calificación urbanística:	Solo urbano ordenanza de edificación extensiva
Autorización sectoriais:	Resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 29/01/15 autorizando as obras (exp. nº 2014/1033 CN)
Compatibilidade urbanística:	Sí (Informe do técnico municipal, D. Ángel Delgado Cid, de data 10 de febreiro de 2015

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG) e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e de competitividade económica de Galicia (LECG), a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Declarar completa a documentación presentada por medio de comunicación previa os datos anteriormente consignados, de conformidade co artigo 194.5 da LOUG e ao establecido na Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa, aprobada en sesión plenaria celebrada o 24 de abril de 2014, publicada no BOP nº 144 de 31/07/2014, co que pode realizar a obra, nos termos comunicados.

**SEGUNDO.-** Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso de solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

**TERCEIRO.-** Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.-

Presuposto de execución material da obra: 8.456,50 Euros

Liquidación 2%: **169,13 Euros**

**CUARTO.-** Notificar o presente acordo a D. Vicente García García o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

**4.1.4.- COMUNICACIÓN PREVIA DE EXECUCIÓN DE OBRA MENOR CP-004**

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada en data 5 de febreiro de 2015 (RE núm. 251) coas seguintes características:

Datos do solicitante

Nome e apelidos:	José María Varela Sesar
DNI:	33133596A
Domicilio:	Rúa Gándara núm. 9 - 15817 Boimorto

Datos da obra:

Obxecto:	Instalación de puntais de piñeiro vermello para nivelación de pranchas de fibrocemento nunha nave da súa propiedade
Situación:	Rúa Gándara - Boimorto
Referencia catastral:	0715718NH7601N0001UI
Orzamento de execución:	1.090,00 Euros
Calificación urbanística:	Solo urbano ordenanza de edificación extensiva
Autorización sectoriais:	Resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 29/01/15 autorizando as obras <input type="checkbox"/> (exp. nº 2014/882 CN)
Compatibilidade urbanística:	Sí (Informe do técnico municipal, D. Ángel Delgado Cid, de data 10 de febreiro de 2015

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG) e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e de competitividade económica de Galicia (LECG), a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Declarar completa a documentación presentada por medio de comunicación previa os datos anteriormente consignados, de conformidade co artigo 194.5 da LOUG e ao establecido na Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa, aprobada en sesión plenaria celebrada o 24 de abril de 2014, publicada no BOP nº 144 de 31/07/2014, co que pode realizar a obra, nos termos comunicados.

**SEGUNDO.-** Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso de solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

**TERCEIRO.-** Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.-

Presuposto de execución material da obra: 1.090,00 Euros

Liquidación 2%: **21,80 Euros**

**CUARTO.-** Notificar o presente acordo a D. José María Varela Sesar o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

**4.1.5.- COMUNICACIÓN PREVIA DE EXECUCIÓN DE OBRA MENOR CP-004**

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada en data 5 de febreiro de 2015 (RE núm. 253) coas seguintes características:

Datos do solicitante

Nome e apelidos:	Edelmiro Leonido Vázquez Taboada
DNI:	76475067K
Domicilio:	Lg. Cernadela núm. 8 - Boimil - 15817 Boimorto

Datos da obra:

Obxecto:	Substitución do material da cuberta dunha vivenda unifamiliar a base de fibrocemento e tella cunha superficie de 137,50 m <sup>2</sup>
Situación:	Lg. Cermadeña núm. 8 - Boimil
Referencia catastral:	002200900NH76C0001QZ
Orzamento de execución:	2.479,34 €uros
Calificación urbanística:	Solo de núcleo rural coa categoría de orixinario disperso
Autorización sectoriais:	Resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 29/01/15 autorizando as obras (exp. nº 2014/939bis CN) e escrito do servizo provincial da Coruña da <input type="checkbox"/> Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de data 19/11/14 informando que as actuacións solicitadas localízanse fóra da zona de dominio público da estrada.
Compatibilidade urbanística:	Sí (Informe do técnico municipal, D. Ángel Delgado Cid, de data 10 de febreiro de 2015

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG) e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e de competitividade económica de Galicia (LECG), a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Declarar completa a documentación presentada por medio de comunicación previa os datos anteriormente consignados, de conformidade co artigo 194.5 da LOUG e ao establecido na Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa, aprobada en sesión plenaria celebrada o 24 de abril de 2014, publicada no BOP nº 144 de 31/07/2014, co que pode realizar a obra, nos termos comunicados.

**SEGUNDO.-** Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso de solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

**TERCEIRO.-** Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.-

Presuposto de execución material da obra, segundo informe do técnico 7.284,75 €uros

Liquidación 2%: **145,70 €uros**

**CUARTO.-** Notificar o presente acordo a D. Edelmiro Leónido Vázquez Taboada indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

**4.1.6.- COMUNICACIÓN PREVIA DE EXECUCIÓN DE OBRA MENOR CP-004**

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada en data 18 de febreiro de 2015 (RE núm. 312) coas seguintes características:



Datos do solicitante

Nome e apelidos:	Agustín Freire Sánchez
DNI:	76514837R
Domicilio:	Lg. Santarandel núm. 1 - Arceo - 15818 Boimorto

Datos da obra:

Obxecto:	Substitución das tellas rotas dunha vivenda unifamiliar
Situación:	Lg. Santarandel núm. 1 - Arceo
Referencia catastral:	15010A507100160001KT
Orzamento de execución:	500,00 €uros
Calificación urbanística:	Solo rústico de protección forestal
Autorización sectoriais:	Non precisa
Compatibilidade urbanística:	Sí (Informe do técnico municipal, D. Ángel Delgado Cid, de data 25 de febreiro de 2015

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG) e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e de competitividade económica de Galicia (LECG), a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Declarar completa a documentación presentada por medio de comunicación previa os datos anteriormente consignados, de conformidade co artigo 194.5 da LOUG e ao establecido na Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa, aprobada en sesión plenaria celebrada o 24 de abril de 2014, publicada no BOP nº 144 de 31/07/2014, co que pode realizar a obra, nos termos comunicados.

**SEGUNDO.-** Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso de solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

**TERCEIRO.-** Aprobado a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.-

Presuposto de execución material da obra: 500,00 €uros

Liquidación 2%: **10 €uros**

**CUARTO.-** Notificar o presente acordo a D. Agustín Freire Sánchez indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

**4.1.7.- COMUNICACIÓN PREVIA DE EXECUCIÓN DE OBRA MENOR CP-005**

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada en data 6 de outubro de 2014 (RE núm. 2183) coas seguintes características:

Datos do solicitante

Nome e apelidos:	José Ángel Garea Sánchez, en representación de Ganadería Garea e Hijos, S.C.
CIF:	F70037300
Domicilio:	Lg. Iglesia núm. 16 Dormeá - 15816 Boimorto

Datos da obra:

Obxecto:	Construción dun muro de cerramento polo lindeiro este da finca número 226 da zona de concentración parcelaria de San Cristovo de Dorneá, nunha lonxitude de 34,10 m, e outro tramo de 9,90 m, desde o extremo do anterior cara o interior da finca. O cerramento no seu punto máis desfavorable se recúa 6,67 m do eixo da vía. Farase a base de bloques de formigón revestido e pintado en cor verde cunha altura de 0,60 m, e malla metálica ata unha altura de 2,0 m, con postes de aceiro cada 2,5 m. Na entrada á parcela colocárase unha cadea provisional
Nome do técnico redactor da memoria técnica	D. José Rodríguez Blanco, enxeñeiro técnico agrícola, colexiado nº 456
Situación:	Lg. Algalia - Dorneá - 15816 Boimorto
Referencia catastral:	15010A508002260000JO
Orzamento de execución:	1.239,50 Euros
Calificación urbanística:	Solo rústico de protección agropecuaria
Autorización sectoriais:	Non precisa
Compatibilidade urbanística:	Sí (Informe do técnico municipal, D. Ángel Delgado Cid, de data 5 de febreiro de 2015

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG) e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e de competitividade económica de Galicia (LECG), a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Declarar completa a documentación presentada por medio de comunicación previa os datos anteriormente consignados, de conformidade co artigo 194.5 da LOUG e ao establecido na Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa, aprobada en sesión plenaria celebrada o 24 de abril de 2014, publicada no BOP nº 144 de 31/07/2014, co que pode realizar a obra, nos termos comunicados.

**SEGUNDO.-** Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso de solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

**TERCEIRO.-** Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.-

Presuposto de execución material da obra, segundo informe do técnico: 2.882,44 Euros

Liquidación 2%: **24,79 Euros**

**CUARTO.-** Notificar o presente acordo a D. José Ángel Garea Sánchez indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

**4.1.8.- LICENZA DE OBRA MAIOR (LO 1/2015) SUXEITA AO PROCEDEMENTO ORDINARIO PARA DEMOLICIÓN PARCIAL DE CONSTRUCCIÓN DESTINADA A ALMACÉN DE PRODUTOS AGRÍCOLAS NO LUGAR DE IGLESIA, PARROQUIA DE DORMEÁ, TRAMITADA A INSTANCIA DE D. BENJAMÍN GAREA MONTERROSO.**

Visto o expediente de solicitude de licenza de obra (OB-009S), tramitado a instancia de D. Benjamín Garea Monterroso, con DNI nº 33132728-D, e con domicilio a efectos de notificación en Lg. Iglesia núm. 8, Dorméa, 15816 Boimorto, A Coruña, para o “Proxecto de demolición parcial de construción destinada a almacén de produtos agrícolas en Iglesia, Dorméa, Boimorto”, redactado polo arquitecto D. José María Lorenzo Fernández, colexiado nº. 2.891, e visado dixitalmente polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia en data 7 de xaneiro de 2015, constando nomeamento de dirección de obra.

Visto o informe favorable ao outorgamento de licenza urbanística de obra maior dos servizos técnicos municipais asinado por D. Ángel Delgado Cid, enxeñeiro de camiños, canles e portos, con data 05/02/2015 e que se transcribe literalmente a continuación:

<<D. Ángel Delgado Cid, Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, colexiado nº 4657, en nome e representación de CERNE INGENIERÍA, S.A., con CIF A-15056468, empresa adjudicataria do servizo de asistencia técnica urbanística ao concello de Boimorto, emito o seguinte

#### INFORME:

Con data 13 de xaneiro de 2.015, nº de rexistro 51, Benjamín Garea Monterroso presentou ante o concello de Boimorto “Proxecto de demolición parcial de construción destinada a almacén de produtos agrícolas en Iglesia, Dorméa, Boimorto”, redactado por el arquitecto D. José María Lorenzo Fernández, colexiado nº. 2.891, e visado dixitalmente polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia en data 7 de xaneiro de 2.015.

Con data 14 de xaneiro de 2.015 os servizos municipais emitiron informe sinalando unha serie de observacións.

Con data 27 de xaneiro de 2.015, nº de rexistro 174, D. Benjamín Garea Monterroso presentou ante o concello de Boimorto a seguinte documentación:

Impreso normalizado de solicitude de licenza de obra suxeita ao procedemento simplificado.

DNI do solicitante.

Oficio de dirección de obra.

Nomeamento do contratista.

Boimorto conta cun plan xeral de ordenación municipal aprobado definitivamente mediante Orden da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes de 6 de febreiro de 2.007, publicada no Diario Oficial de Galicia nº 42 de 28 de febreiro de 2.007.

A parcela obxecto de proxecto está clasificada polo PXOM coma: solo de núcleo rural coa categoría de orixinario denso, estando afectada pola área de cautela do elemento catalogado DO01, Igrexa de San Cristobo de Dorméa.

De acordo coa Memoria do proxecto, as obras consisten na “*demolición parcial dunha construción destinada a almacén de produtos agrícolas, a fin de dar cumprimento á Sentencia ditada polo Xulgado Contencioso Administrativo nº 3 de A Coruña, de data 3 de febreiro de 2.009, no Procedemento PO 18/08. Desta maneira procederase á demolición de 59 m<sup>2</sup>, quedando a superficie do almacén en 300 m<sup>2</sup>, superficie máxima permitida para este uso polo artigo 88.3 do PXOM*”.

En relación con este asunto, con data 3 de febreiro de 2.009, o xulgado contencioso administrativo número 3 de A Coruña ditou sentenza na que se acordaba o seguinte:

*1º Anulo el acuerdo municipal de otorgamiento de licencia, en lo que alcanza a la aprobación del proyecto sin contemplar las características del cierre y de la cubierta autorizados en la resolución autonómica.*

*2º Ordeno que el beneficiario de la licencia ajuste esos elementos a lo autorizado, bajo la responsabilidad última del ente local.*

*3º Ordeno que esta entidad local inicie, tramite y resuelva los procedimientos de restauración de la legalidad y sancionador por las obras ejecutadas sin amparo en la licencia, que alcanzan el exceso de edificación de la nave, a los movimientos de tierra realizados sin licencia y la ausencia de sellado de la fosa.*

*4º No hago condena en costas.*

Mediante Decreto da Alcaldía nº 6/2009 de data 13 de abril de 2.009 incoouse expediente de reposición da legalidade en execución da sentenza anterior.

Con data 16 de decembro de 2.009 o Alcalde resolveu o seguinte:

*1º En relación coas obras legalizables revestimento de muros, cubrición con tella así como selado da fosa requirir ao interesado para que no prazo de tres meses presente a solicitude da oportuna licenza (tres meses a contar dende o día seguinte o da recepción da notificación deste acordo).*

*2º En relación coas obras non legalizables (exceso de edificación en 59 m2 así como movemento de terras) por considerar as mesmas incompatibles co ordenamento urbanístico ordear a súa demolición (previa solicitude de licenza de demolición) a custa do interesado procedendo a impedir definitivamente os usos ós que dean lugar.*

Mediante a resolución primeira do decreto 226/2013 acordouse “*Dar licenza á superficie autorizada en licenza urbanística de data 11 de xuño de 2.007 en relación co enfuscado e pintado do cerramento de bloque, selado de fosa e acabado na cuberta de tella a parte do proxecto de legalización presentado por D. Xosé Luís Garea Sánchez con entrada no concello nº 175 en data 10/02/2012 visado expediente nº 20120101 en A Coruña o 8/2/2012 redactado por D. Óscar J. Pose Andrade Enxeñeiro Técnico Agrícola nº 1430*”.

En relación co Decreto 226/2013, os servizos técnicos municipais emitiron os seguintes informes:

12 de setembro de 2.013, indicando que se executaron as obras e instalacións necesarias para adaptar as condicións estéticas do cerramento e cuberta do almacén ás condicións impostas pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural no seu informe do 3 de marzo de 2.005 (registro de entrada do concello de Boimorto nº 359 do 14/03/2005).

25 de setembro de 2.013 indicando que as obras relativas ao selado da fosa de xurro realizáronse conforme a licenza concedida mediante Decreto 226/2013.

As obras contempladas no proxecto de demolición cumpren coas condicións establecidas nos artigos 19, 40 e 88 do PXOM e adáptanse ao establecido no punto 2 do Decreto 6/2009.

Enténdese que non é preciso solicitar informe a Dirección Xeral de Patrimonio, xa que a edificación adaptouse as condicións impostas por esta Dirección Xeral no seu informe de 3 de marzo de 2.005, segundo informe dos servizos técnicos municipais de 12 de setembro de 2.013.

Unha vez concluídas as obras de demolición debarase pór en coñecemento do concello aos efectos da emisión do correspondente informe por parte dos servizos técnicos municipais, podendo, en caso de ser favorable, dar por concluído o expediente de reposición da legalidade aberto (Decreto 6/2009).

As obras son conformes ás determinacións do plan xeral de ordenación municipal e ao establecido na Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa, aprobada en sesión plenaria celebrada o 24 de abril de 2.014 (BOP nº 144 do 31 de xullo de 2.014).

O presuposto de execución material presentado ascende a un total de 1.280,89 euros, axustándose ao establecido no Anexo y da Ordenanza Fiscal nº 3 reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

O que poño en coñecemento da Corporación, que cos informes a que houbera lugar e superior criterio, decidirá.

En Boimorto a 5 de febreiro de 2.015

Ángel Delgado Cid

Cerne Ingeniería S.A.>>

Visto o informe de secretaría municipal de data 26/02/2015.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e con fundamento nos informes do servizo técnico e da secretaria **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Conceder coas condicións sinaladas neste acordo e no documento xeral de licenza, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra maior a D. Benjamín Garea Monterroso (LO 1/2015) para demolición parcial de construción destinada a almacén de produtos agrícolas no lugar de Iglesia, parroquia de Dorneá (solo de núcleo rural

coa ordenanza de orixinario denso) segundo o proxecto de demolición redactado polo arquitecto D. José María Lorenzo Fernández, sendo nomeado director de obra o mesmo técnico redactor do proxecto, colexiado número 2.891.

**SEGUNDO.-** Someter a licenza de obra ás seguintes condicións:

- .- Outorgáse a licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
- .- De conformidade co disposto nos artigo 17.3 da RDUG será requisito indispensable nas obras maiores a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- .- As obras deberán comezar no prazo máximo de seis meses e rematar no prazo de tres anos contados desde a data de outorgamento da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (art. 197.1 da Lei 9/2002).

**TERCEIRO.-** Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.-

Presuposto de execución material: 1.280,89 €uros.

Liquidación 2%: **25,62 €uros**

**CUARTO.-** Notificar o presente acordo a D. Benjamín Garea Monterroso indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

#### **4.1.9.- APROBACIÓN DE PROXECTO DE EXECUCIÓN E AUTORIZACIÓN DE INICIO DE OBRAS.**

Dáse conta do escrito presentado por Dna. María Luisa Vázquez Vázquez o 11/02/2015, con rexistro de entrada núm. 287, co que achega o **proxecto de execución de vivenda unifamiliar de planta baixa e planta alta**, redactado polo Arquitecto D. Juan Antonio Rebolledo Inchaurreaga, colexiado nº 1.413, licenza de obra maior (LO 42/2013) no lugar de Marco número 18, parroquia de Sendelle, para a que lle foi concedida licenza urbanística sobre proxecto básico na Xunta de Goberno Local en sesión de data 31/10/2013, cunha serie de condicións e de documentación a aportar previo ao inicio das obras.

Visto o informe favorable do técnico municipal, D. Ángel Delgado Cid, do día 12/02/2015, no que se pon de manifesto que o proxecto contén a documentación esixida e non altera as previsións do proxecto básico.

Resultando que se aporta co proxecto de execución o oficio de dirección de obra, nomeamento de dirección de execución de obra e nomeamento de coordinación de seguridade e saúde visados polos Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, formalización en escritura pública de cesión de viais, autorización de Augas de Galicia e cuestionario de estatística.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar o proxecto de execución presentado por Dna. María Luisa Vázquez Vázquez, asinado por D. Juan Antonio Rebolledo Inchaurreaga, arquitecto colexiado nº 1.413, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia co número 1305383.3 de 2 de febreiro de 2015, sendo nomeados director de obra o mesmo técnico redactor do proxecto, director de execución e coordinador de seguridade e saúde o arquitecto técnico e enxeñeiro de edificación Dna. María Fe García Liñeira, colexiado nº 1480.

**SEGUNDO.-** Autorizar o inicio das obras consistentes na rehabilitación de vivenda unifamiliar de planta baixa e planta alta no lugar de Marco número 18, parroquia de Sendelle, amparadas na licenza urbanística concedida a Dna. María Luisa Vázquez Vázquez (LO 42/2013), por acordo da Xunta de Goberno Local de data 31 de outubro de 2013.

**TERCEIRO.-** Facer constar que a liquidación aprobada no acordo de concesión de licenza (LO 42/2013) por importe de 2.077,83 €uros foi abonada pola interesada en data 05/12/2013.

**CUARTO.-** Notificar ao interesado que deberá cumprir as seguintes condicións:

.- O presente acordo outorgarase sen prexuízo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

.- Cumprirase a normativa do Decreto 29/2010, de 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia.

.- De conformidade co disposto nos artigo 17.3 da RDUG será requisito indispensable nas obras maiores a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

.- Necesaria obtención de licenza de primeira ocupación (Lei 8/2012 de 29 de xuño, artigos 42 e 44) que se solicitaría presentando certificado final de obra do técnico competente no que conste que as obras están completamente terminadas e se axustan á licenza outorgada, e solicitude de previa visita de comprobación dos servizos técnicos municipais en aplicación do artigo 195 da LOUGA para a obtención de licenza de primeira ocupación.

A licenza de primeira ocupación é o único documento que permite a conexión do abastecemento de auga potable, do saneamento, da electricidade, do gas, das telecomunicacións e doutros servizos comunitarios.

.- As obras deberán comezar no prazo máximo de seis meses e rematar no prazo de tres anos contados desde a data de outorgamento da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (art. 197.1 da Lei 9/2002).

#### **4.1.10.- DESESTIMIENTO POR FALTA DE PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN REQUERIDA.**

Visto o requerimento de documentación con rexistro de saída nº 1714 en data 20/08/2014 dirixido a Dna. Carmen Taboada García en relación coa comunicación previa de obras con nº de rexistro de entrada neste Concello 1673 en data 13/08/2014, con fundamento en informe do Enxeñeiro de camiños, canles e portos asesor municipal D. Ángel Delgado Cid de data 18/08/2014.

Visto que de conformidade co disposto no artigo 71.1 da Lei 30/1992 de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común foi outorgado prazo de 10 días hábiles (segundo acuse de recibo contar dende o 25/08/2014) para aportación da documentación requerida sen que fose presentada segundo os datos que constan no rexistro municipal.

Advertido o interesado que de non presentar a documentación solicitada entenderase que desiste da súa solicitude previa resolución que será ditada nos termos previstos no artigo 42 da Lei 30/1992 de 26 de novembro.

Visto o informe técnico de data 05/02/2015 onde sinala que persoado na propiedade de Dna. Carmen Taboada García comprobouse que non se realizou ningún tipo de obra, manténdose o alpendre no seu estado orixinal.

Por unanimidade a Xunta de goberno local en aplicación dos artigos 71.1 e 42 da Lei 30/1992 de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común **ACORDOU:**

**PRIMEIRO.-** Declarar concluído o procedemento de comunicación previa de obras con nº de rexistro de entrada neste Concello nº 1673 en data 13/08/2014 por entender desistido da súa solicitude a interesada ao non ter presentado a documentación requirida, arquivando o expediente.

**SEGUNDO.-** Notificar a presente resolución á interesada aos efectos oportunos.

#### **4.1.11.- SOLICITUDE DESESTIMIENTO EXECUCIÓN DA OBRA LO 29/2012**

Visto o escrito presentado por D. Carlos Filloy Balseiros en representación da sociedade Avícola Arceo, S.C con rexistro de entrada no concello co nº 2 en data 02/01/2015, no que solicita a devolución do importe correspondente á licenza de obra maior (LO 29/2012) por importe de 13.697,42 €uros, xa que finalmente a obra non se executará, ingreso realizado por D. Carlos Filloy Balseiros na conta bancaria da entidade Novagalicia banco titularidade deste Concello con data 07/06/2013.

Visto o artigo 31 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral Tributaria, así como a normativa reguladora do ICIO no Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, Real Decreto Lexislativo 2/2004 e que segundo informe técnico de data 05/02/2015 as obras non foron executadas, a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

**PRIMEIRO.-** Tomar coñecemento do desestimento presentado por D. Carlos Filloy Balseiros en representación de Avícola Arceo, S.C en relación coa execución da obra para construción dunha nave para explotación de galiñas poñedoras campeiras no lugar de Vilaverde, parroquia de Arceo, con licenza (LO 29/2012).

**SEGUNDO.-** Devolver á cantidade de 13.697,42 €uros en concepto de liquidación do ICIO da licenza (LO 29/2012) a D. Carlos Filloy Balseiros.

**TERCEIRO.-** Notificar este acordo ao interesado así como os servizos contabeis aos efectos oportunos.

### **5.- ASUNTOS ECONÓMICOS**

#### **5.1.- APROBACIÓN DE FACTURAS**

A Xunta de Goberno Local en exercicio de competencia delegada pola Alcaldía Presidencia por unanimidade **ACORDOU:**

**ÚNICO.-** Aprobar as seguintes facturas:

Nº Factura / Data	Titular NIF/CIF	Descrición	Importe
P5/0058-24/02/15	Palets Cervelo S.L. / B-15676893	Doce palets para estand Festa do Queixo en Arzúa	186,34 €
2715200009-15/02/15	Interparking Hispania, S.A. Vías y Construcciones, S.A. / ESU83458570	Aparcamiento Choupana xaneiro 2015 levar usuarios da residencia a consulta médica ao hospital Santiago	5,55 €
A-V2015-00000453039-20/02/15	Mercadona, S.A. / A-46103834	Material de hixiene para residencia de persoas maiores	159,40 €
034-0002-281276-23/02/15	Leroy Merlin España, S.L.U. / B-84818442	Material para colocación de lavabo na consulta da fisioterapeuta na residencia	125,75 €
B 55-06/02/15	Beatriz Marzoa Rivas / 79320953W	Nota simple negativa expediente de Santarandel	3,07 €

01/2015-21/01/15	M <sup>a</sup> . Teresa Rodríguez Castiñeiras / 35456286-S	Traballos de actriz realizados na actuación teatral durante o festival dos cantares de reices celebrado o 03/01/15	181,50 €
2900225833-04/02/15 □	Labagua, S.A. / A-03637899	Control de calidade de auga do consumo humano mes de xaneiro 2015	464,23 €
5/01500138-25/01/15  5/01500139-25/01/15 □	Nea F3 Iberica, S.L. B-15361348	Mantemento fotocopiadora cor C364e oficinas municipais Período 23/12/14-23/01/15 Mantemento fotocopiadora cor BH C353 residencia e centro de día período 18/12/14-18/01/15	172,63 €  71,87 €
2/15-17/02/15	Xestión, Cultura e Lecer, S.L. / B-94054137	Actividades festa entroido 2015	723,46 €
19-24/02/15	Sat Fungocerga núm. 1259 Xuga / F-15939184	Micorrizas para plantación de castiñeiros en Brates	77,00 €
920661-31/01/15	Ferretería Noguerol S.L. / B15970510□	Aspirador ceniza mantemento □caldeiras de biomasa	39,95 €
15A/000570-04/02/15	Toldos Gómez, S.L. / B-15274459	Confección de eslinga dobre con asas para camión grúa	111,80 €
7-19/02/15	M <sup>a</sup> . Teresa López Alonso / 76624257X	Servizo de podoloxía residencia, centro de día e servizos externos febreiro 2015	350,00 €
3341986634-27/01/15 3342053634-01/02/15	Schindler / A-50001726	Servizo mantemento ascensores xaneiro 2015 Servizo mantemento ascensores febreiro 2015	267,75 € 267,75 €
3120214329-31/01/15	Serunión, S.A.U. / A59376574	Servizo alimentación residencia e centro de día xaneiro 2015	5.519,93 €
06B/8-30/01/15	Coregal Parques e Xardíns, S.L. / B15731797	Mantemento zoans verdes xaneiro 2015	1.990,00 €
D- 2-02/01/15 D-138-03/02/15 D-139-03/02/15 D-23-08/01/15 D-121-30/01/15  D- 120-30/01/15 9-31/01/15	Juan López Sánchez 34258362T	Gasóleo calefacción residencia Gasóleo calefacción albergue Gasóleo automoción Gasóleo automoción Gasóleo calefacción centro de saúde Gasóleo calefacción residencia Gasolina máquina presión	1.650,00 € 528,86 € 1.980,00€ 2.000,00 €  620,00 € 1.519,62 € 25,00 €
AR339817-30/01/15	ABM-REXEL, S.L.U. B-28262822	Material eléctrico para residencia	28,98 €
405-31/01/15	Exatic S.L. / B70283460	Hosting páxina web concello	292,82 €
15- 21-21/02/15	Hnos. Villar Mato, S.L. / B-15501034	Soporto INOX para fregadeiro da residencia	181,50 €
150010-01/02/15	Farmacia M <sup>a</sup> . José Vázquez Freire / 33277749S	Material de farmacia para a residencia e centro de día xaneiro 2015	42,30 €
000222-29/01/15	Control de Plagas Andrade SL /	Servizos bimestrais de control de plagas e legionella en eifícios	



	B15989692	municipais realizados no mes de xaneiro 2015	686,83 €
2886 E-09/02/15	Jelu Hostelería / B-27231505	Reparación secadora da residencia e centro de día	183,92 €
0028/S15-03/02/15	Talleres San Fins, S.L. / B15432453	Reparación camión recollida de lixo matrícula 7428FJK	184,40 €
1-I-20/02/15	M <sup>a</sup> . Lourdes Vereá Seoane / 76510236T	Material inventariable residencia	65,40 €
1-M-20/02/15		Material para a residencia	124,15 €
1-L-20/02/15		Material para o refuxio de Sendelle	18,30 €
		Material para o PAI	19,10 €
1-K-20/02/15		Material de mantemento	149,45 €
1-LL-20/02/15		Material avaría augas	49,60 €
1-H-20/02/15		Material centro de saúde	128,82 €
1-G-20/02/15		Material certame de reis	32,70 €
1-F-20/02/15		Material mantemento taller	22,60 €
1-E-20/02/15		Material reparación portas polideportivo	2,50 €
		Material para o colexio	25,60 €
1-B-20/02/15		Material para o albergue	2,95 €
1-C-20/02/15		Material alumado público	24,98 €
1-A-20/02/15		Dous espellos para o centro social municipal de maiores	30,85 €
1-N-20/02/15	Material para colocación de espellos no centro social municipal de maiores	38,20 €	
02/15-29/01/15 □	Manuel Ángel Garea Rodríguez / 47382564B	Impartición curso de cociña xaneiro 2015	304,00 €
OFFV15/221-31/01/15	Ofireyco, S.L. / B15342702	Material de oficina	44,09 €
604-25/02/15	José Manuel Vereá Castelo / 33245534-T	Material colocación barandilla Casal de Munín	89,35 €
593-25/02/15		Material riego xardín concello	39,93 €
603-25/02/15		Material alumado público	10,30 €
600-25/02/15		Material para soporte focos Magreco 2015	9,47 €
602-25/02/15		Material avaría auga en Piñeiro de Sendelle	5,00 €
595-25/02/15		Dúas bombillas para edificio antiga cámara agraria	4,20 €
601-25/02/15		Material mantemento	45,50 €
594-25/02/15		Material avaría auga xunta a casa rectoral de Boimorto	3,50 €
004409-30/01/15	Fernando J. Sánchez García / 76505509B	Cinco sacos de cemento para colocación tarima na residencia	22,49 €
004410-30/01/15		Material avería de auga en Sendelle	99,52 €
1-25/01/15	Cristina Guzman López / 76825830-B	Servizo consistente na adaptación dos contidos do documento de inicio da modificación puntual nº 3 do PXOM	423,50 €
15/15-25/02/15 □	Cerne Ingeniería, S.A. A-15056468	Asistencia técnico urbanística mes de febreiro 2015	

			2.000,00 €
302-31/01/14	Exatic, S.L. / B70283460	Cota anual Hosting páxina web	292,82 €
1-11049031-30/01/15	Manuel Castro Gómez 33215547M	Confección nóminas e seguros mes de xaneiro 2015	937,39 €
A/135-15-30/01/15	Gestcalor S.L. / B- 94038106	Pellet de madeira para caldeiras de biomasa do centro social municipal de maiores e casa de cultura	1.168,86 €
00014/A-31/01/15	María Luisa Carro López / 32759593A	Uniforme para xericultura da residencia	55,81 €
0000829-01/02/15	Enfoque Soluciones TI SL / B-47602651	Mantemento programa informatico residencia febreiro 2015	59,29 €
1 652-07/01/15	Multimarca Manuel Recimil S.L. / B94084944	Reparación autobús	154,88 €
T 113.712-27/01/15	Motivo JCB Galicia, S.A. / A-15418551	Revisión pala	552,10 €
Recibo 18/02/15 Póliza nº 0961470080907	Willis Galicia Correduria de Seguros, S.A. / A36824845	Renovación seguro de responsabilidade civil período 31/12/14 a 31/12/15 da compañía Mapfre	4.600,00 €
Recibo 18/02/15 Póliza nº 0551480411878		Seguro accidentes PAI período 31/12/14 a 31/12/15 da compañía Mapfre	238,40 €
Recibo 18/02/15 Póliza nº 0001153088975		Seguro camión grande recollida lixo matrícula 7428-FJK período 02/01/15 a 31/12/15 da compañía Mapfre	962,06 €
Recibo 18/02/15 Póliza nº 0001153088886		Seguro Qashqai matrícula 5895GZW período 31/12/14 a 31/12/15 da compañía Mapfre	1.251,66 €
Recibo 18/02/15 Póliza nº 0001153087893		Seguro tractor matrícula E-6306- BCB período 31/12/14 a 31/12/15 da compañía Mapfre	89,97 €
Recibo 18/02/15 Póliza nº 0001153087607		Seguro camión pequeno recollida de lixo matrícula C-6849-BK período 31/12/14 a 31/12/15 da compañía Mapfre	1.125,20 €
Recibo 18/02/15 Póliza nº 0001153087835		Seguro camión grúa matrícula 6064-GMR período 31/12/14 a 31/12/15 da compañía Mapfre	1.050,32 €
			Seguro remolque matrícula E- 6864-BDG período 31/12/14 a 31/12/15 da compañía Mapfre
B/150-13/02/15	Oscar Carreira García / 78798945-A	Material de limpeza para o concello	190,80 €
B/149-13/02/15		Material de limpeza para a residencia e centro de día	994,78 €
B/148-13/02/15		Material de limpeza para a residencia e centro de día	88,77 €

B/151-13/02/15		Material de limpeza para a residencia e centro de día	333,05 €
4-20/02/15	Apac Associacao Promocao Artes Comunidade / 510914420	Participación no I Encontro Peninsular Arredor dos cantares en tempo de reis o día 10 de xaneiro de 2015	309,76 €
28-B580-728409-01/02/15	Telefónica Móviles España, S.A. / A-78923125	Recibo teléfonos móviles período 18/12/14 a 17/01/15	153,49 €
TA4VT0301742	Telefónica de España, S.A. / A-82018474	Recibo teléfono servizos sociais	81,92 €
TA4VT0301747		Recibo teléfono centro maiores	72,40 €
TA4VT0301741		Recibo teléfono xulgado de paz	16,78 €
TA4VT0301744		Recibo teléfono ascensor concello	8,78 €
TA4VT0301745		Recibo teléfono oficinas Concello	367,77 €
TA4VT0301743		Recibo teléfono PAI	17,29 €
TA4VT0301749		Recibo teléfono residencia	78,72 €
TA4VT0301748		Recibo teléfono ascensor residencia	8,70 €
TA4VT0301746 19/02/15		Recibo teléfono fax	0,00 €

## **5.2.- SOLICITUDES SERVICIO DE FISIOTERAPIA E PODOLOXÍA**

Visto informe de servizos sociais que se transcribe literalmente:

### **<<INFORME SOCIAL**

**INSTITUCIÓN:** Concello de Boimorto. Servizos sociais

**INFORME EMITIDO POR:** María Esther Vidal Pandelo

**DATA DO INFORME:** 26/02/2015

**DIRIXIDO A:** XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto o acordo municipal nº 15 art. 5 de prezo público por servizo de fisioterapia e podoloxía e vistas as solicitudes presentadas en tempo e forma, propónse á Xunta de Goberno Local que sexan beneficiarios do servizo de fisioterapia as seguintes persoas segundo a valoración técnica que se sinala:

### **1.- PORTOS COSTOYA MARÍA - FISIOTERAPIA** **VALORACIÓN TÉCNICA**

- a) Consta informe médico que acredita necesidade
- b) Non consta minusvalía nin resolución de dependencia
- c) Concurreren os requisitos do apartado 3 do art. 7

### **2.- SOMOZA SEGADE EMILIO - FISIOTERAPIA** **VALORACIÓN TÉCNICA**

- a) Consta informe médico que acredita necesidade
- b) Non consta minusvalía nin resolución de dependencia
- c) Concurreren os requisitos do apartado 3 do art. 7

*Esta é a proposta que salvo erro ou omisión involuntaria elevo como traballadora social do concello para que a Xunta do Goberno Local resolva o que se estime oportuno.>>*

En aplicación dos artigos 5 e 6 do acordo municipal regulador do funcionamento e prezos públicos polos servizos de fisioterapia e podoloxía no centro de maiores a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU**:

**PRIMEIRO.-** Aprobar e incluír na lista de admitidos para ser usuarios do servizo de fisioterapia a María Portos Costoya e Emilio Somoza Segade.

**SEGUNDO.-** Notificar aos beneficiarios deste servizo que teñen a súa disposición nas oficinas municipais os tickets que deberá adquirir e presentar ante a persoa que presta o servizo e terán unha validez para o mes de xaneiro, febreiro e marzo do 2015. Sen a presentación de dito ticket acreditativo do pago do servizo público non será atendida polo servizo de fisioterapia.

### **5.3.- LIQUIDACIÓN CONVENIO CONCELLO DE ARZÚA.-**

Vista as lecturas dos contadores nº 07SE117226 = 5.987 m<sup>3</sup> (menos 5.822 m<sup>3</sup> da lectura do trimestre anterior = **165 m<sup>3</sup>**) e nº 07SE117232 = 1.547 m<sup>3</sup> (menos 1.502 m<sup>3</sup> da lectura do trimestre anterior = **45 m<sup>3</sup>**) TOTAL: 210 m<sup>3</sup>, realizada polo encargado de servizos deste Concello, D. Luís González Guerra, en aplicación do disposto en convenio asinado con Arzúa "Convenio de cooperación entre o Concello de Arzúa e o Concello de Boimorto" en data 23 de maio de 2008, a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU**:

**PRIMEIRO.-** Liquidar a cantidade a ingresar polo Concello de Arzúa a Boimorto como consecuencia do disposto no convenio 210 m<sup>3</sup> x 0,21 euros = 44,10 € + 4,41 (IVE do 10%) = 48,51 €.

**SEGUNDO.-** Notifíquese ao Concello de Arzúa o presente acordo, solicitando o ingreso na conta bancaria xa comunicada do Concello de Boimorto.

Seguidamente pola Secretaria dáse conta dos decretos números 30, 34, 40 e 51, ditados pola Alcaldía Presidencia avocando as funcións delegadas na Xunta de Goberno Local, quedando os concelleiros que a integran informados.

Ao non haber máis asuntos que tratar, a Sra. Alcaldesa remata a sesión, sendo as 10:29 minutos do expresado día. Autorízase a presente acta coa sinatura da alcaldesa e da secretaria que dá fe.

Vº. e Pr  
A ALCALDESA,

A SECRETARIA,

Asdo.- Ana Ledo Fernandez